

Terras de Lemos

Visión americana da Ribeira Sacra

Varios municipios do Miño foron escenario da filmación dun episodio da serie «Spain... on the road again», que está a rodarse en diversas partes de Galicia

CRÓNICA
Francisco Albo

MONFORTE | Diversas paraxes dos municipios de Taboada, Chantada, Portomarín e O Saviñao foron escenario o pasado venres da filmación dun episodio da serie turística *Spain... on the road again*, que será difundida pola televisión pública norteamericana PBS e na que participa a coñecida actriz Gwyneth Paltrow, quen por certo non participou nesta xornada. Quen si estiveron foron os outros tres protagonistas da serie: a actriz catalá Claudia Bassols, o cociñeiro noivoquino Mario Batali e o crítico gastronómico do *New York Times* Mark Bittman. Durante a súa estada na Ribeira Sacra, os integrantes do equipo de rodaxe tiveron ocasión de coñecer algunhas das paisaxes máis características deste tramo do Miño e de degustar variados pratos tradicionais.

Os visitantes tiveron como guía a Luisa Rubines, unha xove taboadesa que cursou estudos de turismo sostible en Londres e que proxecta crear unha empresa turística. Pola súa suxestión, o equipo visitou certos lugares pouco divulgados nas rutas turísticas que, en opinión de Rubines, deberían recibir máis atención. «A Ribeira Sacra non é só o Canón do Sil e nesta zona tamén hai sitios interesantísimos pola súa paisaxe e pola historia que esconden», comenta. É o caso da aldea asolagada de Ribó —agora ao descuberto debido á baixada do nivel das augas do encoro de Belesar—, da ribeira de Mourulle ou do castro de Candaz.

No seu percorrido, que en boa parte se fixo polo río a bordo dunha zódiac, os actores e técnicos da serie encontráron-



A actriz Claudia Bassols (centro) observa a preparación da masa nun forno cerca de Mourulle | TAMARA CASTRO

se con varios veciños que estaban a pescar —precisamente— perca americana ou *black bass*, unha especie foránea introducida no Miño nos anos sesenta. Pero tamén puideron coñe-

cer outras peculiaridades locais dun carácter máis enxebre. Nos arredores de Mourulle, nun tradicional forno de pedra, asistiron con grande curiosidade á elaboración de pan artesán e á

preparación dunha empanada, a cargo do panadeiro taboadés Darío Castro. No lugar xuntáronse tamén todos os panadeiros que traballan actualmente no municipio e que ofreceron aos visitantes empanadas de diversas clases —torriscos, carne, mellón— e varios tipos de doces para a sobremesa. Mario Batali e Mark Bittman recibiron por outra parte abundantes explicacións dos veciños sobre a preparación destes pratos.

Unha das tres zonas escollidas para mostrar en Estados Unidos

A Ribeira Sacra, xunto coas Rías Baixas e o Camiño de Santiago, é unha das zonas que escolleron os responsables de *Spain... on the road again* para situar, respectivamente, os tres capítulos desta serie —dun total de 26— que estarán dedicados a Galicia. A serie emitirase no canal PBS en setembro do 2008 e poderá verse tamén en diversos países europeos.

Para Luisa Rubines, a experiencia resultou moi enriquecedora polo seu labor de aser-

soramento. «O importante é axudar a promocionar a Ribeira Sacra e ademais, eu teño previsto dedicarme profesionalmente ao turismo e isto tamén pode beneficiarme», explica. «Puiden mostrar sitios que me parecen moi importantes porque conservan as pegadas das xeracións que viviron aquí durante séculos. Penso que é a primeira vez que a Ribeira Sacra aparece nunha serie de televisión norteamericana e alégame moito que isto vaia verse en varios países», engade.

Viño, polbo e queimada

A viaxe continuou polo tramo vidual do río, con visitas ao santuario de Guadalupe, en San Victorio de Ribas do Miño, e á localidade da Cova. O equipo puido observar neste último lugar a preparación do polbo ao estilo tradicional, ademais de degustar os viños nativos destas terras e unha inevitable queimada. A última hora do día continuaban realizando tomas pola zona da aldea de Belesar, entre O Saviñao e Chantada.